



Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada na sesión plenaria do 9/11/2017

Data	23/03/2017
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) Fin da xuntanza 20:25h
Asisten	<ul style="list-style-type: none">• Presidenta, Olga Alonso Suárez• Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez <p>- Sector docente:</p> <ul style="list-style-type: none">• Purificación Bernárdez Álvarez• Anxos Collazo Trigo• Cristina López Lobariñas• Santiago Rodríguez Sánchez• María Teresa Freijido Román• Eudosia Deza Soto• José Casas Freire <p>- Sector usuarios/as:</p> <ul style="list-style-type: none">• Mª Jesús Granja Pereira• Mª Bertila Fernández Pérez• Mª del Carmen Rivas Corbacho• Yolanda González Larrañaga• Lois García Rodríguez <p>- Sector social:</p> <ul style="list-style-type: none">• Esperanza Dacosta Dapena• José Manuel Rodríguez Lago• María José Ramos Martínez• Isabel López Lorenzo
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none">• Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez• Sector docente: Antonio Madrid Risquez• Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado• Sector docente: Rafael Lestón Vázquez• Sector usuarios: Luisa Rivas García

Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector usuarios: Fernando Vázquez González •Sector usuarios: Hadriana Prado Lorenzo •Sector social: Xabier Pérez Igrexas •Sector social: Non hai representante directores secundaria •Sector social: José Luis Sanz Escribano •Sector social: M^a Teresa García Durán •Sector social: Cándido Cabaleiro Paz
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

1. Lectura e aprobación da Acta anterior, se procede.
2. Informe da Presidenta do CEMV.
3. Pronunciamento da Admón. Educativa competente sobre o Acordo adoitado polo CEMV, respecto da inclusión na rede de transporte escolar da Xunta de Galicia dos Ceips Mosteiro-Bembrive, Paraixal e Eduardo Pondal.
4. Informes das comisións de traballo.
5. Propostas de mocións:
 - Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre necesidade de novo mapa escolar e actualización da zonificación.
 - Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a construción dun segundo Conservatorio Profesional en Vigo.
 - Moción de FOANPAS sobre revisión do proxecto de ampliación do CEIP A.R. Castelao de Navia.
 - Moción da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade de máis persoal especializado para a atención a alumnado con NEE.
6. Rogos e preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Santiago Rodríguez solicita un cambio na redacción nunha das súas intervencións. Solicita que se substitúa a frase: “Santiago Rodríguez comenta que o que di Olga está ben, que a Xunta se dirixa ao Consello para pedir datos e parece que se está tendo en conta a este

órgano, pero pensa que isto non ten que ver co que está a demandar a Com. Pedagóxica”, por esta outra máis sinxela e que se entende mellor: “Santiago Rodríguez comenta que o que di Olga non ten que ver co que está a demandar a Com. Pedagóxica”.

Procédese á votación da acta co cambio solicitado.

Acordo

Acórdase aprobar a acta da Xuntanza Ordinaria do 1 de decembro de 2016 coa modificación mencionada.

2.- Informe da Presidenta do CEMV

En primeiro lugar a Presidenta comunica un cambio nos representantes do CEMV. No Sector Docente incorpórase Rafael Lestón Vázquez, designado pola Federación de Sindicatos Independientes de Ensinanza de Galicia (FSIE-Galicia), en substitución da anterior representante Ángeles Crespo Fuster.

Olga Alonso informa de que ese mesmo día, na Xunta de Goberno Local, se aprobou o Programa de autoxestión 2017, que permitirá a xestión directa polos Consellos Escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do presuposto municipal de mantemento ordinario e preventivo, destinando para tal fin a cantidade de 294.880.-€. Nesta Xunta tamén se aprobou a adquisición de materiais para o programa “Vigo Emprega 2017” para obras de reparacións e acondicionamento nos centros públicos, por importe de 131.890.-€. e os 92 bolseiros municipais “Bolsas Concello de Vigo 2017” para estadias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV): Londres 45, París 11, Berlín 6, Roma 15, Lisboa 2, Tokío 2 e Pekín 1 . Investimento económico 160.000.-€

Explica que xa no mes de febreiro se aprobou o contrato de servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo, pero explica que non está adxudicado porque foi recorrido. Asemade informa de que se iniciaron as xestións e as actuacións previas para a cubrición dos patios de 3 CEIPs: Virxe do Rocío, Canicouva-Pereiró e Cabral Carballal. Comenta que no Ceip Frián Teis e no Ceip Coutada Beade se fixeron uns novos comedores máis amplos e adecuados reformando as antigas casas de conserxes agora deshabitadas. Informa de que se vai comezar xa coa renovación dos vestiarios do ximnasio do Ceip Párroco D. Camilo.

A Presidenta comunica que o día seguinte, 24 de marzo, rematará o prazo para solicitar Escolas infantís e que este ano se ofertaron 621 prazas nas 8 escolas que hai. Tamén remata o prazo de presentación de solicitudes para participar no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2017”. Explica que nesta convocatoria se ofertan un total de 667 prazas para alumnado de 3º ESO e que polo de agora xa se teñen presentado preto de 760 solicitudes, co que se abrirá unha lista de agarda.

Para rematar informa de que seguen en marcha os programas educativos municipais “Visita o Teu Concello” e “Vigohistoria: A reconquista 2017” que este ano inclúe visitas guiadas a través dun percorrido didáctico por aqueles espazos máis salientables do Casco Vello

relacionados coa Batalla da Reconquista. En canto este último remate, continuarase co programa didáctico sobre a Batalla de Rande e Verne.

3.- Pronunciamento da Admón. Educativa competente sobre o Acordo adoitado polo CEMV, respecto da inclusión na rede de transporte escolar da Xunta de Galicia dos Ceips Mosteiro-Bembrive, Paraixal e Eduardo Pondal.

(*Achégase este documento ao final da acta)

A Presidenta explica que este documento chega como resposta a unha das mocións aprobadas no Pleno anterior. O Secretario di que o Pleno debería decidir se se lle vai dar traslado aos centros implicados. Explica que aínda que chegou o 27 de febreiro, non llo mandaron a ninguén porque este pronunciamento vai dirixido a este órgano, e polo tanto debe ser o primeiro en estar informado. Bertila comenta que en FOANPAS hai unha comisión que está traballando neste tema na que participan as anpas dos centros implicados e que están convocados o luns 3. Pide que se lle envíe a estas anpas para que ese día se poida analizar.

Santiago Rodríguez di que para el este documento non ven a dicir nada. O único que se entende é que non van mover nada. É como se non houberse ningunha competencia á hora de administrar nin de gobernar nun tema como é o transporte escolar, e como se non houberse máis posibilidades ca o que en dereito puro e duro corresponde. Parece que o único que queda é que aparezan nenos que vivan a máis de 2 km e estean dentro da zona de influencia.

Olga Alonso comenta que, aínda que eles falan da libre elección de centro, ten que haber igualdade de oportunidades. É importante que os centros teñan servizos para que os alumnos se matriculen. Di que se está falando de centros que teñen problemas de alumnado por non ter transporte e por que están nunha zona de vivendas unifamiliares na que a poboación non se prevé que aumente. O que se pedía é que se tivera en consideración que para que estes centros sigan existindo é necesario este servizo, xa que lles garantiría a matriculación. Tanto Praixal como Eduardo Pondal non dispoñen do servizo e o Mosteiro Bembrive leva moitos anos co transporte pagado polos pais, o que demostra que se precisa. Santiago informa de que estivo nunha reunión en Pontevedra con algúns dos inspectores que fixeron a zonificación desa cidade, e que alí se comentou que a algúns centros desa cidade se lles dotou de transporte escolar basicamente por un tema de seguridade, xa que os accesos ao centro camiñando eran perigosos. Isto demostra que se poden facer cambios máis alá da normativa, e que se alguén goberna é para facer o que se crea máis conveniente e necesario en cada caso. Se o único que se cree conveniente é o que corresponde en dereito, iso quere dicir que se está nos mínimos dos mínimos.

A Presidenta lembra que incluso xa se presentaron proxectos conxuntos entre estes centros para compartir transporte, que as anpas e os centros están traballando e que o único que ten que facer a Administración é escoitalos. Propón que se traslade a moción presentada e esta resolución aos centros afectados indicándolles que desde o CEMV se está á súa disposición para o que precisen.

4.- Informes das comisións de traballo

Esperanza Dacosta expón o informe da Comisión que preside:

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E DE PLANIFICIÓN EDUCATIVA

Tal e como estaba previsto no plan da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa para este curso, seguimos a traballar pola zonificación. Despois do último Pleno remitíuselle á Consellería a moción deste grupo de traballo na que se establecen os criterios que consideran imprescindibles á hora de elaborar o mapa escolar desta cidade. Agora presentaremos unha nova moción sobre a necesidade de elaborar unha zonificación na que se solicita a ampliación da oferta pública e a correcta distribución da poboación escolar no concello de Vigo.

Ademais esta comisión continúa tratando os temas referentes a equipamentos e infraestruturas que van xurdindo. Así, presentamos agora unha moción que chega desde FOANPAS sobre a ampliación do CEIP Castelao e outra sobre o escaseo de prazas no Conservatorio Profesional de Música e sobre a necesidade dun novo centro destas características na cidade.

Continúa M^a Jesús Granja co informe da Comisión Pedagóxica:

INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa continúa coa idea de traballar na "convivencia e deporte" tal e como estaba previsto. Tendo en conta que xa estamos no mes de marzo acordouse facer unha acción puntual, asumible en prazo, e que sirva de xerme para un traballo mais completo que se poida levar a cabo no curso que vén.

A acción proposta será unha xornada sobre convivencia e deporte dirixida ao alumnado na que participarán diferentes deportistas contando as súas experiencias neste eido.

Achégase esquema do traballo que se está a facer:

Nome proposto para o evento: ConVIVE xogando

Día proposto: 6 de abril. DÍA INTERNACIONAL DO DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO E A PAZ

Lugar: Auditorio Mar de Vigo (1438 prazas) **Horario:** 10:00 a 12:00

Destinatarios: 1400 alumnos e alumnas de 1º e 2º da ESO. 28 centros convidados

Desprazamento: 28 autobuses con 50 alumnos e alumnas

Formato: Comezarse cunha charla duns 20 minutos impartida por un convidado/a e seguirase coas experiencias contadas en primeira persoa por 4 deportistas, uns 10 minutos cada un/unha. Ao remate, mesa redonda con rolda de preguntas do alumnado.

Posibles convidados:

- Charla: Chus Lago, Joaquín Dosil,...
- Deportistas: Chano Rodríguez, Susana Rodríguez, xogador do Celta,...

Colaboración doutras Concellarías: Política lingüística, Xuventude, Deporte...

Imaxe do programa: A comisión propón a creación dun logo/mascota para o programa. Valórase crear unha mascota co nome de "Respectiño"

Pedro M^a Vázquez informa dos diferentes pasos que se deron desde o Departamento de

Educación neste tema. O primeiro que se fixo foi bloquear o Auditorio para a data acordada. Explica que como hai que pagar un alugueiro de preto de 3.000€ se viu a posibilidade de facer a xornada nun pavillón deportivo, polo que se solicitou un orzamento para acondicionar o espazo para o día, pero este orzamento ascendía a 12.000€, polo que se desbotou esta idea. Comunica que a Concellería de Deportes lles pasou a seguinte relación de deportistas para participar nesta iniciativa:

NOME E APELIDOS	DISCIPLINA DEPORTIVA	CURRÍCULUM
Chus Lago	Alpinismo	1999 2ª muller española en escalar Everest / 2009 Travesía en solitario pola Antártida ata alcanzar Polo Sur
Martín de la Puente Riobó	Paralímpico Tenis en cadeira de rodas	Nº 22 ranking mundial, alumno 2ª Bach IES Castro
Chano Rodríguez	Paralímpico natación	16 medallas Paralímpicas
Susana Rodríguez Gacio	Triatleta Paralímpica	Paralímpica en Río 5ª clasificada, discapacidade visual
Toto Berizzo ou algún xogador, Javier Maté	Fútbol Celta Vigo	
Xogadora Basket Feminino	Celta Basket Feminino	
Xogadora Fútbol Olivo	Fútbol	
Xogador Rugby Uvigo	Rugby	
Oscar Pereiro	Ciclismo	Gañador do Tour de Francia 2006
María Bernabeu	Xudo	Olímpica en Río 4ª clasificada, compite na Federación Galega
Fernando Eijo	Balonmán Cangas	15 anos no equipo Frigoríficos do Morrazo, Profesor en Vigo Educación Física
David Cal	Piragüismo	Mellor olímpico español da historia, Cinco medallas olímpicas (1 ouro + 4 pratas)
Teresa Portela	Piragüismo	Gañadora medallas olímpicas
Agustín Alejos	Baloncesto cadeira rodas	Plata Olímpica en Río, xogador Amfiv
Abdi Jama	Baloncesto cadeira rodas	Bronce e Río e Pekín, Campión Europa, xogador Amfiv

Explica que xa iniciaron as xestións pertinentes e que moitos destes deportistas teñen unha axenda moi axustada. Comenta que desde a Fundación Celta de Vigo comprometeron a asistencia do adestrador e dalgún xogador do primeiro equipo sempre e cando a actividade fose a partir das 13:30h, o cal dificulta a súa participación. Ademais o 6 de abril sería inviable porque xogan fóra ese día. Pola mañá déronlle a opción de que participase Borja Oubiña. Di que incluso se propuxo a opción de celebrar a xornada pola tarde, para que os xogadores do Celta poidan asistir, pero que non todos os centros teñen clase o mesmo día. Explica que tamén contactou co Celta Basket Feminino e que se ofreceron a colaborar. Susana Rodríguez non podería participar nesa data xa que están fóra competindo e Chus Lago tampouco porque está facendo unha travesía. A Martín de la Puente complicábaselle por estar preto os exames, pero tamén se ofreceu a participar. Comenta que contactaron con case todos os da lista e que, pese a que todos teñen moita predisposición, a data proposta inicialmente se complica moito, polo que se decidiu pospoñer a actividade e xa desbloqueou de novo o Auditorio.

Isabel López di que pedindo todos os equipos subvencións como piden o normal é que poidan facer un oco pola educación. Ademais con esta iniciativa, aínda que non sexa o seu fin, tamén fan canteira. E que deberían saír un pouco do fútbol porque parece que non hai máis deportes. Olga Alonso explica que a idea de traer a algún xogador do Celta é polo gancho que pode ter para os rapaces e porque ademais no fútbol estanse dando moitos problemas de convivencia. O que non significa que se teña que centrar solo no Celta. Ten que ser unha mesa o máis plural posible, tocando incluso deportes minoritarios. Isabel di que de todas formas, non faría falta que houberse moito gancho porque é unha actividade organizada, na que os rapaces van participar estea quen estea, e que ao mellor se pode aproveitar para mostrar outros deportes.

Eudisia Deza pensa que o fútbol ten que estar si u si, porque como dicía Olga é un deporte arredor do que se xeran moitos conflitos e que ademais a maioría dos rapaces o practican, polo que se van sentir máis identificados. Pero di que non ten por que ser o Celta o que fale deste deporte, que ao mellor se poderían levar a equipos pequenos, adestradores, árbitros,... xente que vive este deporte e que moitas veces conviven con estes conflitos. Bertila Fernández explica que estivo nas xornadas en Compostela “Animar non é berrar” e que todos os participantes eran deportistas cunha diversidade e practicaban deportes que non eran de masas: equitación, atletismo... e a mensaxe foi moi contundente. Había centos de alumnos e alumnas da ESO e a súa reacción foi tremenda, estiveron súper interesados e motivados. Di que ao mellor hai que esquecerse un pouco do fútbol e poñer de relevo o positivo da convivencia noutros deportes, para que pensen en porque isto non pasa no fútbol. Lois García pregunta se faláron co Anfiv de Vigo e Pedro comenta que si e que teñen predisposición máxima.

Purificación Bernández comenta que ao mellor se podía contactar con deportistas que practiquen karate, xudo,... ou deportes que en inicio parecen violentos pero que teñen detrás unha filosofía moi importante en canto ao respecto e convivencia.

Rematado o debate, acórdase que a Comisión Pedagóxica se volva a reunir pronto para retomar esta cuestión.

4.- Propostas de mocións:

Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre necesidade de novo mapa escolar e actualización da zonificación.

Santiago Rodríguez procede a ler e explicar a moción:

ANTECEDENTES

Desde hai xa anos, a comunidade escolar de Vigo ven amosando preocupación pola actualización

da vella **zonificación** que segue rexendo o proceso de admisión e que define os centros que corresponden a cada zona educativa. Desde 2010 o Consello Escolar Municipal ven tomando iniciativas neste sentido no seu papel de órgano consultivo e de participación da comunidade escolar.

Somos conscientes de que, con todo, unha zonificación que resolva axeitadamente a escolarización en Vigo non é a única necesidade nesta materia. Sería precisa unha **planificación** que permita aumentar as posibilidades de matriculación en centros públicos, especialmente nas áreas máis densamente poboadas e deficientes en oferta educativa pública. Un **mapa escolar** que recolla un diagnóstico da situación e necesidades actuais e permita contemplar as perspectivas futuras debería ser o documento a partir do cal a Administración desenvolvese as actuacións nesta materia. Este Consello Escolar aprobou diversas mocións, xerais unhas e moi concretas outras, neste sentido, defendendo a aplicación de criterios de **proximidade**, maior canto menor a idade, e de **dereito igualitario de acceso a postos públicos e servizos complementarios**.

En lugar dun mapa escolar, ou unha zonificación actualizada, a Administración ven tomando **medidas puntuais** que o único que van conseguindo é **trasladar problemas**, dun centro a outro, ou dun centro ás familias do alumnado: ademais de ao feche definitivo de centros públicos, que agrava a xa inicial escasez (EEI rúa Palencia, EEI O Noyal, Colexio Caixanova), referímonos ao traslado-eliminación da ESO do Celso Emilio Ferreiro para o IES Álvaro Cunqueiro; á readscrición de centros do IES Álvaro Cunqueiro, do IES Alexandre Bóveda e agora do IES Valadares.

É urxente que a Administración sistematice e faga públicos ese mapa escolar e nova zonificación agochados detrás de toda actuación puntual, e que o faga desde a **comprensión da situación** actual e da efectiva **defensa do ensino público**, con **orxamentos**, con **lealdade** á poboación escolar e centros que administra, e coa **participación** da comunidade escolar. O decreto que regula os Consellos Escolares contén atribucións para que este órgano sexa consultado pola Administración. Onde está a nova zonificación na cal a Xefatura Territorial asegura estar traballando?, ou o proxecto de novo IES en Navia anunciado publicamente polo actual conselleiro de Educación? ou a comunicación (prazos, necesidades,...) canto a execución de obras de ampliación no CEIP Castelao e outros? ou a consulta pola readscrición deste centro, anunciada oficiosamente na semana previa ao inicio do proceso de admisión?

TEXTO

Polo exposto, o pleno do Consello Escolar Municipal aproba a seguinte moción para INSTAR, nos respectivos ámbitos de actuación, á Consellaría de Educación e á súa Xefatura Territorial, con copia aos grupos políticos parlamentarios:

- a implementar medidas conducentes ao exercicio real da igualdade de oportunidades e á ampliación da oferta pública e correcta distribución da poboación escolar no concello de Vigo;
- a acometer, con publicidade e participación, un mapa escolar e unha zonificación e política educativa que resolva problemas e potencie o ensino público na cidade;
- a consultar, e con antelación suficiente, aos Consellos Escolares Municipais as medidas que se pretenden tomar.

Santiago, en canto ao que expoñen nos antecedentes sobre as atribucións dos Consellos Escolares, explica que, cinguíndose á literalidade da orde que regula estes órganos, unha administración coma esta podería chegar a interpretar que non teñen que consultalos preceptivamente á hora de facer cambios de adscricións, pero é unha cuestión de suficiente calado como para que calquera administración considere importante facer esta consulta, que

ademais non lles compromete a nada. Cambiar a adscrición a un centro é en certo modo modificar a súa situación, e os cambios de situación si que hai que consultalos. No tocante ás obras do CEIP Castela, di que no centro hai un descontento total, desde como se interveu desde a unidade técnica para acometer as obras a como se está materializando a obra. Di que hai unha falta de comunicación total, que non saben nada da 2ª fase,...

José Manuel Rodríguez comenta que aínda que lle parece ben a moción, está en desacordo nunha cuestión desta. Pensa que unha moción que parta do Consello Escolar para solicitar unha zonificación non pode facer só referencia aos centros públicos, xa que tamén lle afecta aos centros concertados. Pensa que debería falarse de centros sostidos con fondos públicos. Á hora de zonificar, e para que as familias poidan escoller, teñen que estar todos os centros. Santiago le o segundo punto da moción onde se fai referencia ao ensino público: “ínstase a acometer, con publicidade e participación, un mapa escolar e unha zonificación e política educativa que resolva problemas e potencie o ensino público na cidade”. Di que a petición de que se potencie o ensino público na cidade non significa que a zonificación sexa só para o ensino público, e por iso cando se fala de zonificación non se pon por ningún lado que só deba afectar aos centros públicos. O que se di é que se potencie o ensino público dentro dunha política educativa global porque nesta cidade hai unha carencia clara de centros públicos.

José Manuel Rodríguez di que efectivamente nos datos que el ten de fai catro anos, máis do 50% dos alumnos da cidade estaban en centros concertados, que Vigo é un caso especial. Isabel López comenta que precisamente esa é a clave, que en detrimento dos centros públicos, durante moito tempo favoreceuse ao ensino concertado, e neste momento os problemas máis fortes están na pública. José Manuel responde que na concertada tamén hai problemas de matrícula e de feito se pechan unidades, coa diferenza de que se pechan eles teñen que mandar aos traballadores á rúa e que na pública se recolocan noutros centros. Que é máis dramática a situación do profesorado dos centros concertados. Santiago comenta que no caso da pública non só falan de peches de unidades, a realidade é que nos últimos anos, desapareceron na cidade de Vigo 3 centros públicos e ningún privado. José Manuel Rodríguez di que de todos xeitos a el lle gustaría que aparecese na moción referencia a centros sostidos con fondos públicos e non a centros públicos soamente. Santiago responde que na moción en ningún caso se exclúe aos centros concertados da petición de zonificación. Que se solicita que se potencie o ensino público na cidade non significa que non se solicite unha zonificación onde estean todos incluídos.

A Presidenta di que o que sempre pediu a Comisión de Equipamentos foi un estudo da zonificación en Vigo global, no que se inclúsen todos os aspectos da cidade. Non pode ser que se vaian facendo cambios puntuais e parches, cambiar adscricións de centros prexudicando a familias e alumnado. Hai que facer un estudo a fondo e no que se analice a previsión de poboación futura. Na moción non se fala doutra cousa, non se pide zonificación só para os centros públicos, pídesse para toda a cidade.

José Manuel Rodríguez apunta que cando se di “medidas conducentes ao exercicio real da igualdade de oportunidades e á ampliación da oferta pública”, que se está pedindo só para a pública e que debería dicirse centros sostidos con fondos públicos, que así non hai igualdade de oportunidades, porque as familias deben ter dereito a escoller libremente a onde enviar os seus fillos. Santiago explícalle que nesa frase se piden dúas cousas. Primeiro

medidas conducentes ao exercicio real da igualdade de oportunidades, e aí non se fala exclusivamente de centros públicos, e despois medidas conducentes á ampliación da oferta pública, porque en Vigo esta é escasa e isto é innegable.

Olga Alonso para rematar o debate, comenta que hoxe en día se alguén do centro da cidade elixe o ensino público, practicamente non ten opcións, e iso tamén afecta á liberdade de elección. Di que na moción non se está descartando nada, só se está poñendo de manifesto un problema real, e lembra que se leva desde 2010 dicindo que existe este problema e solicitando un estudo serio e necesario. Procédese a votar a moción:

Acordos adoptados

Apróbase a moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre necesidade de novo mapa escolar e actualización da zonificación con 15 votos a favor e 2 abstención

Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a construción dun segundo Conservatorio Profesional en Vigo.

Esperanza Dacosta expón a moción:

ANTECEDENTES

O CMUS de Vigo iniciou as súas actividades no ano 2003 cunha capacidade de 520 prazas. O traballo, a iniciativa, a formación e a implicación do profesorado, permitiu que se impartira o Bacharelato de Artes na especialidade de Música no propio centro. Xunto coa aposta por incidir na actividade cultural desenvolvida na cidade, fixeron que a demanda aumentase significativamente curso tras curso. Neste momento preséntase a seguinte casuística:

- 1.- Ao inicio do presente curso académico a matrícula supera a capacidade do centro. Actualmente hai 624 alumnos (superando en 104 a capacidade oficial) pero co agravante de que 116 persoas preinscritas non puideron matricularse por falta de praza; esta cifra representa o 38 % dos 306 preinscritos que quedaron sen praza en toda Galicia. Nos restantes conservatorios públicos galegos o alumnado sen praza foi: Pontevedra 66, Santiago 47, Ourense 34, Ferrol 31, Lugo 12 e Coruña 0.
- 2.-Por outro lado se comparamos a ratio de prazas por número de habitantes o resultado é: Vigo 471, Coruña 345, Ourense 198, Lugo 180, Santiago 178, Ferrol 141 y Pontevedra 141.
- 3.-As 8 cabinas coas que conta o centro son insuficientes, máxime se temos en conta que 3 se usan como aulas, por ser as aulas insuficientes para os 624 alumnos e alumnas.
- 4.-Tampouco é posible nas actuais instalacións unha desexable ampliación da oferta de especialidades das que hoxe carece o centro, por exemplo a de arpa que requiriría unha Aula de Percusión.

TEXTO

Por todo o exposto, o Consello Escolar Municipal de Vigo solicita que a administración tome as medidas necesarias para a construción dun segundo Conservatorio Profesional en Vigo.

Acordos adoptados

Apróbase a moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a construción dun segundo Conservatorio Profesional en Vigo por unanimidade

Moción de FOANPAS sobre revisión do proxecto de ampliación do CEIP A.R. Castelao de Navia.

ANTECEDENTES

Nos últimos anos vimos asistindo a un aumento de poboación considerable na zona de Navia. A falta de previsión por parte da Administración autonómica está a provocar situacións de caos e incertidume nas familias que habitan esta zona da cidade.

Unha das circunstancias máis preocupantes é que a oferta educativa non é capaz de dar resposta nin á demanda nin ás necesidades das familias e do alumnado.

Plantéxase a opción de ampliar o CEIP A.R. Castelao xa que non ten cabida para todo o alumnado da zona. Feito o estudo da documentación remitida ao centro educativo, a ANPA atopa as seguintes deficiencias:

1. Sala para o profesorado dentro do edificio destinado para o alumnado de Educación Infantil. Esta carencia obrigaría ao profesorado a trasladar diariamente o material preciso para a labor docente dun edificio a outro.
2. O espazo destinado para o comedor é insuficiente e está afastado do edificio de Educación Infantil. Este feito dá lugar a que non se poida garantir un servizo de calidade ao novo alumnado, ademais da obriga de dispoñer de mudas de roupa para os alumnos para días de mala meteoroloxía.
3. Os servizos de aula matinal e actividades extraescolares quedarían reducidos pola escaseza de aulas de usos múltiples de alta capacidade e para así garantir os mínimos de seguridade esixidos.
4. O espazo destinado para a biblioteca é reducido para o seu uso para actividades curriculares dirixidas ao alumnado.
5. Inexistencia dun salón de actos para dar cabida ao alumnado.
6. Inexistencia dunha zona común cuberta destinada para as actividades conxuntas do alumnado de Educación Infantil e Primaria e ás súas familias.
7. O actual ximnasio dispón de 120 m². Se contamos o material específico, a superficie útil vese reducida o que obriga a facer desdobres. Neste momento o horario semanal do ximnasio consta de 36 horas lectivas. Coa ampliación non se garante que todos os grupos poidan dispoñer de horas lectivas de Educación Física.
8. Non existen vestiarios para o alumnado de Educación Física nin para o persoal de comedor, tendo que mudar a roupa no caso destes últimos noutros lugares pouco axeitados ou destinados a outros fins.
9. Ao ter entradas distintas aos edificios, daríase unha incompatibilidade no horario escolar para aquelas familias que teñan fillos en ambos os dous edificios.
10. Non se contempla unha sala independente para a ANPA.
11. O actual sistema de calefacción é insuficiente polo que se deberían tomar medidas.
12. As actuais zonas comúns son escasas e nalgún caso insuficientes, ademais da inexistencia dun laboratorio de idiomas e de ciencias, dado que a sala destinada ao antigo laboratorio de ciencias tivo que ser desmantelado para dar servizo ao comedor.
13. A ampliación da etapa de Educación Primaria é incompatible coa capacidade do actual patio cuberto por razóns de seguridade.
14. O actual edificio incumpre a normativa de accesibilidade dadas as barreiras arquitectónicas deste.
15. No proxecto tampouco se especifica o uso destinado para o terreo que hai entre a EIM de Navia e o edificio de Educación Infantil.
16. Por último, as molestias que xeran as obras durante toda a xornada escolar son ás veces

incompatibles coa actividade docente do colexio e tamén da escola infantil anteriormente nomeada. Sabemos que isto é inevitable pero pódese diminuír o impacto dos ruídos e tremores respectando o descanso dos bebés da escola infantil e do alumnado do colexio.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Que se faga un estudo detallado e realista das necesidades da zona para dar resposta a toda a demanda educativa de Navia.

Segundo.- Que se revise e se complete o proxecto para que se adapte ás necesidades que demanda a comunidade educativa do centro e se dote co orzamento necesario.

Bertila Fernández pensa que o que se está a facer neste centro é un sinsentido, e comenta que na reunión que tiveron co Xefe Territorial e a Anpa deste centro que se sentiron que lles estaban tomando o pelo con argumentos baleiros. Santiago Rodríguez di que lle falou ao Xefe Territorial deste tema nunha reunión e el contestou que os espazos tiñan as medidas regulamentarias, que ían ter dous ximnacios,... e tamén preguntou por prazos de execución pero non soubo contestarlle.

Antonio Estévez di que sen estar en desacordo coa moción, hai algunhas peticións que non lle parecen adecuadas como unha zona cuberta común, sala de profesorado nun edificio cando hai outra no centro, outro Ximnasio de 120m²,... Hai cousas que de facelas está claro que se mellora, pero hai moitas cousas da lista que non é prescrito que teña que haber nun centro. En canto ao que se di de que o edificio incumpre a normativa de accesibilidade, aínda que a normativa agora é máis esixente, non obriga a que os edificios que xa estaban construídos se adapten salvo que se faga neles unha reforma estrutural. En definitiva, que non está en contra do que se pide, só di que moitas destas cousas, non é prescrito que as teña un centro. Bertila responde que se non se pode dar unha calidade mínima e mellor non ofertar a ampliación. Pídese unha zona cuberta porque son nenos de infantil que non teñen porque mollarse, unha sala de profesores adicional para a zona de infantil porque non teñen nin onde gradar os materiais,... Cristina López comenta que a petición do ximnasio é necesaria xa que se o centro vai ser liña 3 vai ter 18 aulas de primaria, que por 2 horas son 36 horas de ximnasia, co que as contas non dan e é necesario outro ximnasio, que de inicio parece que non se contempla no proxecto. Santiago Rodríguez pensa que nesta lista se enumeran melloras necesarias xa que unha vez que se fai o esforzo, este non pode quedar a medio camiño.

Olga Alonso di que nisto ve dous problemas principais, primeiro que non se escoita á comunidade educativa e segundo que unha cousa son os criterios mínimos que marca a lei e outra son as necesidades reais. Pode que, por exemplo, a lei non contemple unha zona cuberta, pero a realidade é que se chove non hai un lugar para sacar aos nenos. Di que ela non pon en dúbida que unha obra que se vaia facer nova non cumpla os requisitos legais, e seguro que esa obra nova será accesible. Pero xa que se están facendo reformas o normal e intentar que todo o centro sexa accesible, aínda que a lei non o esixa. Pode non ser obrigatorio pero é unha demanda importante.

Bertila afirma que non ten sentido que para chegar ao comedor os nenos e nenas de infantil se teñan que mollar, e a solución non pode ser ter que ter unha muda para cambialos por se

chove. Pode que non sexa obrigatorio, pero xa que se vai facer unha obra o mellor é que se faga ben, e se quixeran dialogar coa comunidade educativa a obra acabaría cubrindo necesidades reais.

Antonio Estévez di que a esta moción lle ve o problema de que están pedindo moito, e que cando se pide moito ás veces se rexeitan as solicitudes por imposibilidade de cumprir todos os puntos. Que ao mellor debería ser unha lista máis concreta, centrarse no fundamental. Pedir por exemplo un espazo para a Anpa cando hai problemas de aulas non é moi realista. Bertila lémbrale que é obrigatorio que exista un lugar onde se reúna a Anpa e sería bo que fose un espazo digno que tamén se puidese usar como lugar de reunión coas familias e lugar de formación para cursos de pais e nais. Antonio responde que ten que haber un local a disposición da Anpa para reunirse, pero este non ten que ser exclusivo. Sería fenomenal que houbera un espazo diferenciado pero ás veces é imposible. Esperanza Dacosta explica que normalmente nos centros se lles deixa un espazo ás Anpas e que fora do horario lectivo teñen ademais á súa disposición as dependencias do centro para dar unha charla ou facer un curso. Pensa que debe haber un local específico no centro onde reunirse e gardar documentación da Anpa, pero para o demais pensa que se poden usar as instalacións que xa hai.

Isabel López apunta que se se está facendo unha reforma e se vai facer un gasto, o lóxico é que se faga con obxectivos de previsión de futuro, e non estar parcheando. Nesta moción Foanpas pide o máximo para que polo menos se faga o esencial. A Xunta debería estar agradecida xa que lle están facilitando o traballo mostrándolle as necesidades reais que ten o edificio.

Santiago Rodríguez lembra que de todos os xeitos o texto da moción son realmente dous puntos, que os 16 dos antecedentes están aí para fundamentar as peticións, que son só dúas. Para el o problema está en que ve complexo que se poida revisar o proxecto cando este xa está en execución.

Purificación Bernárdez pregunta se esta moción está consensuada co equipo directivo do centro. Bertila di que a dirección coñece estas demandas e saben que se vai presentar esta moción.

Rematado o debate procédese á votación.

Acordos adoptados

Apróbase a moción de Foanpas sobre revisión do proxecto de ampliación do CEIP A.R. Castela de Navia con 16 votos a favor e 1 abstención

Moción da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade de máis persoal especializado para a atención a alumnado con NEE.

Yolanda González presenta a moción:

ANTECEDENTES

Dende a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa desexamos informar de que cada vez son máis as familias con nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo que manifestan que os medios dos que dispoñen os centros de ensino son insuficientes, sendo preocupante tamén para o bo desenvolvemento das clases para todos os alumnos e alumnas.

TEXTOS

Polo exposto, a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa, propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se lle traslade a Consellería de Educación esta demanda das familias e da comunidade educativa e que se amplíe a relación de postos de traballo dos centros educativos naquelas especialidades que permitan atender á diversidade: orientadores, audición e linguaxe, pedagogía terapéutica e coidadores.

Antonio Estévez comenta que todos os centros teñen orientadores, aínda que nalgúns casos sexan compartidos cando o centro é pequeno. Eudisia Deza di que iso non debería depender do tamaño dos centros senón das necesidades do centro. Antonio responde que normalmente vai en proporción, canto máis alumnado máis alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, ao que lle responden que iso non sempre é así. Santiago comenta que na moción se inclúen especialistas que xa existen nalgũa medida, para que se amplíen as prazas, e outros que non existen.

Yolanda González di que no seu centro que son 1600 alumnos, este tipo de persoal faise escaso. As familias están desesperadas e o centro responde que non pode facer máis. Antonio Estévez comenta que si é certo que os PT e AL ás veces se quedan escasos, xa que están xurdindo moitas patoloxías. Pero no caso de coidadores vai sobre demanda e sobre necesidades. Se hai un rapaz que necesita, avalíase e asignase coidador. Pensa que tanto coidadores como orientadores hai os que se necesitan. Bertila responde que logo na realidade hai moitos nenos e nenas que precisan coidador e non se lle asigna.

Purificación Bernárdez comenta que os coidadores hainos no ensino público, que na concertada non hai. Antonio di que iso non é totalmente certo, que se un alumno con necesidades necesita coidador se lle envía igual. Yolanda explica que aos pais que teñen esa necesidade se lles está recomendando que matriculen ao alumno nun centro público, que alí terá coidador. Antonio di que non hai ningunha limitación á hora de enviar un coidador a un centro concertado se se demostra que o alumno o precisa.

María Teresa Freijido comenta que hai especialistas como os AL que están compartidos e iso fai que sexa unha atención insuficiente e non hai a continuidade necesaria. Antonio comenta que agora tamén parece que un alumno con dificultade no aprendizaxe xa necesita un PT e ao mellor o que precisa é un reforzo, e iso é outro docente que apoie na aula, non un PT. E non se pode sacar da aula máis dun terzo do seu horario. M^a Jesús Granja Pereira comenta que ninguén pide que se saquen da aula, que a idea é que estean na aula. Antonio di que un PT ou un AL non teñen que estar todo o tempo cun neno. Que teñen que traballar puntualmente a patoloxía concreta.

Olga Alonso comenta que así e todo son escasos, xa que os que hai son os que están no catálogo de sempre e desde fai uns anos as patoloxías disparáronse e hai moitos máis nenos que precisan atención, cada vez hai máis nenos diagnosticados. Non se pide que se aumenten os catálogos, o que se pide é que se cubran as necesidades, e se para iso hai que mandar a un PT máis a un centro durante dous ou tres anos, pois hai que mandalo. Hai que traballar a diversidade e hai que facelo na aula. E é imposible que un PT ou un AL traballen só unha hora cos nenos, é moi pouco para poder obter resultados. Tamén recalca o labor do orientador, que é o nexo entre o PT e o titor, que ten que traballar o resto do tempo con el na aula, e di que se os orientadores son compartidos tampouco chega.

José Manuel Rodríguez comenta que na concertada pasa o mesmo, que no seu centro neste momento teñen 33 alumnos con necesidades específicas, dos cales 18 veñen con informe médico. E notan que cada ano medran os casos.

José Casas pensa que ao mellor tería sentido pedirlle á Administración que cataloguen, polo menos nos centros máis grandes, o especialista de AL porque aínda que están atendidos, hai que estar pedíndolle a administración tódolos anos que envíen a un AL. Parece que cada ano hai que estar pedindo esmola.

Antonio Estévez comenta que xa hai algúns centros nos que aparece catalogado, que se está comezando polos centros con 13 unidades. De tódolos xeitos lémbbralles que por agora o catálogo está pendente de ser modificado. Neste momento está vantaxoso para os centros porque está feito sobre a base das 23 horas e non das 25. Se se reforma, ao mellor é peor o remedio, xa que a proporción de profesorado vai baixar seguro.

Santiago Rodríguez explica que de todas formas, a efectos prácticos para a Xefatura Territorial de Pontevedra, o catálogo é unha referencia que ás veces se cumpre e ás veces se incumpre, en infantil por exemplo incúmprese sistematicamente.

Rematado o debate procédese á votación:

Acordos adoptados

Apróbase a moción da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade de máis persoal especializado para a atención a alumnado con NEE con 14 votos a favor e 1 abstención.

5.- Rogos e Suxestións

M^a del Carmen Rivas comenta que FOANPAS celebra este ano o 25 aniversario e unha das actividades que queren facer e conseguir que se nomee “Praza do ensino público” á Praza que hai entre o Fleming, o Vila Laura e a Escola Municipal de Música, petición que levan feito desde fai tempo. Bertila di que xa se pediu por escrito e a resposta que teñen é que a comisión que decide este tema non está constituída.

Anxos Collazo manifesta que desde a CIG Ensino, como sindicato maioritario no ensino público galego, queren amosar o seu rexeitamento á decisión de outorgar o título de vigués

distinguido aos centros de ensino Monte Castelo e Las Acacias. A política de ensino desenvolvida por estes dous centros é diametralmente oposta aos intereses da maioría da poboación de Vigo e Comarca. Non poden asumir que se separe ao alumnado polo seu xénero, que se eliticen as aulas seleccionando ás familias por ideoloxía e patrimonio económico, que se elimine ao alumnado con necesidades educativas especiais, que non se admita alumnado de diferentes tendencias sexuais e sobre todo que ditos centros estean subvencionados con fondos públicos. Pódese ademais ler nas súas web: Formación cristiana. La formación y atención espiritual que se ofrecen en los colegios de Fomento se realiza de acuerdo con los principios de la doctrina católica y con el máximo respeto hacia la libertad de las conciencias. Estas actividades tienen carácter voluntario. La Prelatura del Opus Dei, a petición de fomento de centros de enseñanza, ayuda a mantener viva la identidad cristiana de los colegios”. Por todo isto rexeitan este nomeamento.

Santiago Rodríguez quere ademais saber cal é o criterio para a concesión destas medallas xa que a concesión a estes centros privados choca coa concesión da medalla a Mercedes Oliveira. Ademais as explicacións que se dan na prensa non chegan a nada, xa que só se fai referencia a que son centros que cumpren 50 anos. Santiago di que o seu centro e o Santa Irene xa os cumpriron e non recibiron esta distinción. Olga Alonso explica que cada grupo político fai as súas propostas e que se aproban por maioría simple e de xeito independente. Cristina López di que o grave non é que se presente a proposta, que o grave é que se aprobe por maioría. José Manuel Rodríguez solicita contestar pero a Presidenta dille que é un rogo e que non se pode debater. Que se fai constar pero que non hai lugar a debate.

A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:25h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Télef.: 981 544 400
Fax: 981 545 443
www.edu.xunta.es

Educación
galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 23/02/2017 14:59:22

SAÍDA 17825 / RX 296119



Asunto: Pronunciamento sobre o Acordo adoptado polo Consello Escolar Municipal de Vigo, respecto da inclusión na rede de transporte escolar da Xunta de Galicia dos CEIPs Mosteiro-Bembriva, Paraixal e Eduardo Pondal

A Xunta de Galicia dispón na cidade de Vigo dunha ampla rede de centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como de transporte escolar aos mesmos, xestionado pola dita consellería.

O sistema educativo galego organízase, planifícase e adminístrase sobre a base das áreas educativas de influencia, zonas educativas aprobadas, nas que se integran os distintos centros de ensino e as localizacións físicas de pertenza.

Neste sentido, só teñen dereito ao recursos complementario de transporte escolar os rapaces escolarizados no centro educativo da súa área de influencia.

Por outra parte, a normativa sectorial vixente na actualidade configura como usuarios lexítimos de transporte escolar exclusivamente aos alumnos que teñan o seu domicilio familiar de residencia habitual a mais de 2 km do colexio no que están escolarizados.

Do exposto, extráese a conclusión de que é a relación de proximidade e distancia entre os colexios e as rúas e lugares de domicilio dos alumnos pertencentes ás distintas áreas de influencia a que determina o establecemento das liñas de transporte escolar.

Neste sentido, nunha cidade como Vigo caquera neno dispón no seu entorno xeográfico dun colexio no que escolarizarse, requirindo nalgúns casos transporte escolar por residir a mais de 2 km e noutros moitos non requiríndoo por ter o seu domicilio preto do centro educativo.

A liberdade que ten os pais e titores legais de escolarizar aos seus fillos ou tutelados no centro de ensino que queiran é compatible co feito de que o exercicio da súa vontade comporta que o traslado ao colexio se faga polos seus medios propios ou utilizando, nun caso como o de Vigo, a ampla rede de transporte municipal, comarcal e metropolitano e as vantaxes de bonos, tarxeta xove e outros beneficios actualmente previstos.

CONCELLO DE VIGO - REGISTRO DE ENTRADA
<http://www.vigo.org/consultadocumento>



170028422

27/02/17





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Télef.: 981 544 400
Fax: 981 545 443
www.edu.xunta.es

galicia

Do exposto, resulta incuestionable que a Administración Educativa Galega non pode renunciar a establecer procedementos e parámetros de medición que lle permitan planificar axeitadamente as infraestruturas e dotacións educativas, asegurando á vez o necesario equilibrio e compensación no número de prazas escolares e nos medios materiais e persoais a proporcionar aos distintos centros de ensino, en cumprimento do uso eficaz e eficiente dos recursos públicos.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

O SECRETARIO XERAL TÉCNICO



Jesús Oitavén Barcala

Sra. Presidenta do Consello Escolar Municipal de Vigo

Concello de Vigo